



Doña Katherinie Varela Fernández, en nome da Agrupación municipal do Partido Popular de Monforte, ó abeiro da lexislación vixente, presenta ante o pleno da corporación municipal a seguinte proposta para a súa aprobación:

## **MOCIÓN PARA A INSTAR O GOBERNO CENTRAL A REPOSICIÓN DAS CONEXIÓNS DE MEDIA DISTANCIA SEN REPOÑER TRALA PANDEMIA E QUE AFECTAN A MONFORTE DE LEMOS**

Un informe da Xunta de Galicia avaliado polo Consello da Xunta, conclúe que aínda non se recuperou o 22% das súas principais conexións ferroviarias, unha cifra que se eleva ata o 28 % nos servicios rexionais que atenden pequenas conexións intermedias.

A situación agrávase nas conexións que afectan a nosa cidade. O eixe Vigo-Monforte perdeu un gran número de servicios de tren diarios no cómputo global cunha redución de ata 75 % no traxecto Vigo Ourense. Tamén se rexistra unha perda do 66% dos servicios no eixe Monforte – Ponferrada, que pasou a ter unha dotación de 12 trens a 4; e no eixe Coruña – Monforte, cunha redución sistemática de trens superior ao 50% no treito entre Coruña e Lugo.

Chama a atención que recentemente, este equipo de goberno anuncie aos catro ventos que ven de firmar un convenio con Renfe para poñer en marcha no 2024 trens turísticos pola zona, o que non entendemos e porque non se executa de forma inmediata a reposición de todas estas conexións que se viron suprimindo o longo de estes anos coa escusa da pandemia.



Compre mencionar que continuamos cunha conexión pésima con Ave a Madrid, existindo só un tren de ida e de volta para facer o traxecto directo.

Por todo o exposto, Presentamos a seguinte proposta de acordo o Pleno da Corporación Municipal:

1. Que se inste o goberno central a reposición inmediata das conexións ferroviarias mencionadas que afectan a cidade de Monforte de Lemos.
2. Que se de traslado de esta proposta de acordos o goberno central, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana y a Renfe Operadora